

ACTA NÚMERO: 22/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 16 de xuño de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretaria: Dona Carmen Fraguas Sarrapio, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 9 de xuño de 2023 (Reunión 21/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada por REVENIDAS S.C., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Patrocinio publicitario do festival Revenidas 2023". (Expte.- 2023028659).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2023013685).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de pasarela na EP-2201 Baiona-Bahía-As Fontes (Concello de Baiona)". (Expte.- 2023010883).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 9 de xuño de 2023 (Reunión 21/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 9 de xuño de 2023 (Reunión 21/2023).

2. Dar conta da oferta presentada por REVENIDAS S.C., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Patrocinio publicitario do festival Revenidas 2023". (Expte.- 2023028659).

A Secretaria informa que, por Resolución Presidencial número 2023004425 de data 06/06/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de "Patrocinio publicitario do festival Revenidas 2023"

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa REVENIDAS S.C. (J94117678) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 06/06/2023.

A empresa REVENIDAS S.C. (J94117678) presentou a proposición con data 12/06/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	27.000,00 €
IVE (21 %)	5.670,00 €
Importe ofertado con IVE	32.670,90 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa REVENIDAS S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de "Patrocinio publicitario do festival Revenidas 2023"

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2023004714).



A Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 14/04/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 12/05/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 24 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	2,00	20,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 02/06/ 2023 en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 30 de maio de 2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)".

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de xuño de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas. Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	762.979,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	763.059,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	782.037,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	804.151,57 €	3%	12 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	743.357,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	774.558,78 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	771.985,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	799.728,73 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou á Secretaria para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoña para executar este contrato.

CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., presentou a través da sede electrónica da Deputación, xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para que emitiran informe ó efecto.



Con data 15/06/2023 emitíu informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en funcións, recollendo que a oferta de CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., non xustifica de forma correcta a oferta económica que presentou, e non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	17,65	5,00	5,00	5,00	32,65
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	17,61	5,00	5,00	5,00	32,61
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	10,14	5,00	5,00	5,00	25,14
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
HORDESCON	13,12	5,00	5,00	5,00	28,12
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,15	5,00	5,00	5,00	29,15
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	2,03	5,00	5,00	5,00	17,03

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán), que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
----------	-------------	----------------------	----------------------	------------------



1ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	32,61	54,61
2ª	UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.E NEMESIO ORDOÑEZ, S.A	19,00	32,65	51,65
3ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	29,15	47,15
4ª	HORDESCON	16,00	28,12	44,12
5ª	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	25,14	41,14
6ª	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	23,00	15,00	38,00
7ª	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	20,00	17,03	37,03

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)”*, á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado763.059,41 €
 IVE (21%)160.242,48 €
 Importe Total 923.301,89 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L... mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares



- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 38.152,97 €

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais. (Expte.- 2023017069).

A Secretaria suplente da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na súa sesión ordinaria do día 12 de maio de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais”.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12/05/2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas as seguintes:

- Técnicos asociados Informática S.A.U. (TAISA) (A-79054748).

A continuación, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, procede á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados pola empresa Técnicos asociados informática SAU, son os seguintes:

Prezo ofertado:

Prezo ofertado do suministro sen IVE (200 licenzas)	39.222,25 €
Prezo ofertado das actualizacións sen IVE (3 anos) (370+8+200=578)	117.666,75 €
Total sen IVE	156.889,00 €
21% IVE	32.946,69 €
Total ofertado IVE engadido (subministro + actualizacións)	189.835,69 €



Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, detéctase que a oferta da empresa TAISA, atópase en baixa temeraria.

En data 9/06/2023 a empresa TAISA, achega a xustificación da baixa CSV 8DLY9K5F4SW2K1BR.

En data 12/06/2023 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, informa que: *"unha vez realizadas as comprobacións oportunas, se considera suficiente e razoada a xustificación realizada, polo que se informa favorablemente ao considerar xustificada o valor do prezo ofrecido pola empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA SAU"*.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co (csv L6VIBJV3M2H6WWYL) son as seguintes:

EMPRESA	TAISA
SOBRE B	
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.	
TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 100 puntos</i>)	100 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Admitir a xustificación da oferta en baixa temeraria presentada pola empresa Técnicos Asociados Informática SAU co CSV 8DLY9K5F4SW2K1BR e informada pola Xefe do servizo de Novas tecnoloxías CSV 4EDWE2QYAY6I1KZG.
- 2) Aprobar a clasificación da oferta presentada pola única empresa que concorre ao procedemento aberto convocado para contratación do *"Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais"*, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Técnicos Asociados Informática SAU	100

- 3) Propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do *"Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais"*, a empresa Técnicos Asociados Informática SAU, que acada a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:



Prezo ofertado do subministro sen IVE (200 licenzas)	39.22,25€
Prezo ofertado das actualizacións sen IVE (3 anos) (370+8+200=578)	117.666,75€
Total sen IVE	156.889,00€
21% IVE	32.946,69€
Total ofertado IVE engadido (subministro + actualizacións)	189.835,69 €

5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)". (Expte.- 2023013685).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023004094 de data 24 de maio de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Reposición de firme na E.P. 6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto (Concello de Vila de Cruces)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de maio de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:



- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación detecta que nas declaracións responsables aportadas polas empresas, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L e EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., figura que as citadas empresas forman parte do mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	90.470,20 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	98.497,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	89.191,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	88.125,62 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	95.395,09 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	90.450,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	95.601,93 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

6. Apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de pasarela na EP-2201 Baiona-Bahíña-As Fontes (Concello de Baiona)". (Expte.-2023010883).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023004090 de data 24 de maio de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Reparación de pasarela na EP-2201 Baiona-Bahíña-As Fontes (Concello de Baiona)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de maio de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:



- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- EMDESFOR 2002, S.L..

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	41.810,00 €	3%	36 MESES	NON PRESENTA	NON PRESENTA
EMDESFOR 2002, S.L.	39.388,28 €	1%	12 MESES	NON OBXECTO	NON OBXECTO

A Mesa de Contratación detecta que a oferta presentada pola empresa BRAIO MULTISERVICIOS S.L., recolle que a citada empresa está en posesión das etiquetas UNE-EN ISO 9001 e UNE-ENE ISO 14001, pero non presenta as mesmas, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas, estas non se puntúan.

A Mesa de Contratación tamén detecta que a oferta presentada pola empresa EMDESFOR 2002, S.L., recolle que esta empresa está en posesión das etiquetas UNE-EN ISO 9001 e UNE-ENE ISO 14001, aportando as mesmas, sen embargo o obxecto que certifican as etiquetas non está relacionado co obxecto do contrato, polo que estas non se puntúan.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	34,87	10,00	10,00	0,00	54,87
EMDESFOR 2002, S.L.	55,07	0,00	0,00	0,00	55,07

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Reparación de pasarela na EP-2201 Baiona-Bahíña-As Fontes (Concello de Baiona)*", que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	EMDESFOR 2002, S.L.	55,07
2ª	BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	54,87

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reparación de pasarela na EP-2201 Baiona-Bahía-As Fontes (Concello de Baiona)”, á empresa, EMDESFOR 2022, S.L. . (CIF B36404218), por un importe de 47.659,82 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado39.388,28 €
IVE (21%)8.271,57 €
Importe Total 47.659,82 €

O prazo de garantía ofertado é de 12 meses e a porcentaxe do plan de ensaios e control de calidade o 1% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EMDESFOR 2002, S.L. (CIF B36404218), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3750) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, EMDESFOR 2002, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica

Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.



O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.969,41 €

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta e dous minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, a Secretaria, o Presidente da Mesa de Contratación.

